

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 22.03.2019 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 42311 (10/POC-006595)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel
Sobre os resultados das políticas públicas orientadas a fomentar a natalidade e a mudar a pirámide demográfica en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

- 2 42322 (10/POC-006602)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e o cumprimento do Goberno galego das demandas ao respecto emanadas da Cámara galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

- 3 45219 (10/POC-007246)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da subministración no exercicio de 2019 da información necesaria para facilitar o seguimento e análise da Conta de endebedamento da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, así como a evolución que presenta o endebedamento da Xunta de Galicia desde o ano 2009
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

- 4 45802 (10/POC-007321)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación co desemprego que padecen as persoas maiores de 55 anos, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para defender a súa empregabilidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019

- 5 47076 (10/POC-007483)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a caída da rede informática de Abanca o día 26 de febreiro de 2019 e



as actuacións impulsadas polo Goberno galego para a protección das
persoas consumidoras

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 07.03.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Vicepresidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Secretario	
Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 22.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 22.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42311(10/POC-006595)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre os resultados das políticas públicas orientadas a fomentar a natalidade e a mudar a pirámide demográfica en Galicia

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:51:15
Nº Rexistro: 42311
Data envío: 02/01/2019 10:51:15.590



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e **Manuel Lago Peñas**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.^a**

Un dos principais retos aos que se enfronta a sociedade española no seu conxunto é o envellecemento da poboación e a dinámica demográfica no seu conxunto. España é un dos países mais envellecidos do mundo e concretamente, mantén unha taxa de fecundidade das mais baixas a nivel mundial. No conxunto do estado rexístrase unha taxa de 1,3 fillos por muller en idade fértil, moi alonxado do 2,1 preciso para garantir o reemprazamento xeracional.

Mais en Galicia, o problema aínda se agrava mais ca no caso español. A nivel global, a análise dun simple dato como é o crecemento da poboación pon de manifesto a situación galega; se España acadou neste 2018 o seu pico de poboación, a poboación Galega sitúase actualmente no mesmo nivel que no ano 2000, sendo moi preocupante a tendencia rexistrada a partir do ano 2010-2011.

Outras variables que poñen de manifesto a profunda crise demográfica que experimentamos, indican que Galicia é unha das tres comunidades mais envellecidas de toda España; a nosa media de idade sitúase nos 47 anos e a española nos 43. Por outra banda, a taxa bruta de fecundidade en Galicia é do 6,82, a segunda mais baixa, mentres que para o conxunto de tódalas CCAA sitúase no 8,41 é o indicador conxuntural de fecundidade é segundo o INE, do 1,12, de novo o terceiro mais baixo despois de Asturias e Canarias, mentres que no estado resulta ser do 1,31.

CSM-REXISTRO-p0DZ3/1z-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Finalmente Galicia destaca por ser a Comunidade Autónoma co peor saldo vexetativo de toda España; no 2017 foi de -13.517 mentres que no primeiro semestre do ano 2018 acadou os -9.135.

Obviamente o problema é de gran complexidade, así como tamén, as solucións a aplicar. Mais o sector público ten unha enorme responsabilidade e debe ser o principal axente mobilizador e impulsor dunha dinámica que trate de mudar a tendencia demográfica que experimentamos. Para iso, resulta preciso actuar en políticas que actúen, tanto do lado da oferta como da demanda, no eido económico, no eido social, emancipación xuvenil e de igualdade de xénero, entre outras.

Pola contra, a Xunta, vende á sociedade galega que está a promover de forma permanente políticas públicas orientadas a fomentar a natalidade e a mudar a nosa pirámide demográfica, tales como a dedución en IRPF por fillo ou o “cheque bebé”, mais os datos expostos evidencia a inoperancia ou incluso a inexistencia de tales políticas.

Antes o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas.

1. Que opinión lle merece á Xunta o conxunto dos datos presentados?
2. Como valora a Xunta que Galicia teña o peor saldo vexetativo de España?
3. Como valora a Xunta que Galicia teña unha das peores evolución do crecemento da poboación en España?
4. Como valora a Xunta que Galicia manteña unha das medias de idade mais altas do Estado?
5. Como valora a Xunta que Galicia teña unha das taxas de fecundidade mais baixas de España?
6. Ten analizado a Xunta como afecta esta dinámica ao crecemento económico?





7. Ten analizado a Xunta a relación do crecemento do PIB galego e a constante perda de poboación que implica dito crecemento?
8. Como valora a Xunta que a converxencia con Europa e co resto de España se produza a través dunha perda de poboación?
9. Cre a Xunta que as políticas que din promover para fomentar a natalidade teñen os efectos agardados vendo os recentes datos publicados por organismos oficiais?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/01/2019 10:50:20

José Manuel Lago Peñas na data 02/01/2019 10:50:31



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 22.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 42322(10/POC-006602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e o cumprimento do Goberno galego das demandas ao respecto emanadas da Cámara galega

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:09:25
Nº Rexistro: 42322
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e ao cumprimento do goberno galego das demandas ao respecto emanadas da Cámara galega.

O económico é un dos aspectos máis relevantes na desigualdade que sofren as mulleres na sociedade actual, que pode identificarse en múltiples aspectos. Para alén de discriminacións como a desigualdade salarial, o feito de representar unha maior ocupación das xornadas parciais e das dificultades no acceso á vida laboral, hai unha desigualdade económica menos visíbel a través dos produtos no mercado coñecidos como de hixiene íntima e que ten sido popularizada como “taxa rosa”.

Cada muller, ao longo da súa vida, ten que empregar na idade fértil diferentes tipos de produtos durante a menstruación. Porén, lonxe de ter un Imposto sobre o valor engadido reducido, como sería lóxico dun produto de emprego básico e practicamente imprescindible, é elevado e incrementa de maneira importante o custo da bolsa da compra. Acrecenta, polo tanto, unha desigualdade entre mulleres e homes, que non sofre outros produtos básicos, afondando nunha diferenza biolóxica e contravindo o principio de non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición persoal ou social.

Cómpre recordar que na IX lexislatura, a iniciativa da deputada do Grupo Parlamentario Mixto Dona Carmen Iglesias Sueiro, o Pleno do Parlamento Galego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:09:25
Nº Rexistro: 42322
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

aprobou o 24 de febreiro de 2016 unha Proposición non de lei sobre as demandas que debía realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se estaba a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina co seguinte acordo: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a rebaixa do IVE ao 4 % para os produtos de hixiene feminina como compresas, tampóns ou copas menstruais. Porén, pasados anos deste acordo, non houbo mudanzas.

As mulleres galegas seguimos sufrindo a carga impositiva abusiva por parte do goberno central malia que tamén no Congreso dos Deputados se teñen aprobado iniciativas semellantes. Por mor desta situación, diante da pasividade do goberno galego diante desta cuestión, e tamén porque a inexistencia dunha facenda propia galega impide facer esta mudanza desde as nosas competencias, o Bloque Nacionalista Galego reiterou no Parlamento Galego na XI esta demanda, xunto con outras relacionadas. Desta forma, A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 16 de febreiro de 2018, adoptou os seguintes acordos, por unanimidade e sen modificacións:

«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Goberno central para demandar a redución do IVE sobre os produtos coñecidos como de hixiene íntima (compresas, tampóns e copas menstruais) do 10 % ao 4 %.
2. Elaborar e remitir ao Parlamento galego un informe sobre as actuacións levadas a cabo para o cumprimento desta demanda.
3. Desenvolver, no ámbito das súas competencias, a divulgación das alternativas ás compresas e tampóns e das súas vantaxes económicas e de respecto ao medio ambiente nas súas campañas informativas, especialmente as desenvolvidas ou destinadas a centros educativos e de xuventude.»

CSX4 REXISTRO-NºAen3bw6-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:09:25
Nº Rexistro: 42322
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

En xuño de 2018, iniciado xa o novo goberno do Estado coa presidencia de Pedro Sánchez, foi anunciada a intención de estudar esta cuestión. Porén, pasados uns meses do anuncio non observamos ningunha novidade, mentres outros IVE, como o do cinema, si foron rebaixados.

Diante desta situación de discriminación cómpre que desde o Parlamento Galego e a Xunta de Galiza se esixa ao goberno central unha rebaixa que, neste momento económico de aumento da recadación e contando con consenso político, debera ser posta en práctica sen máis dilación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Considera a Xunta de Galiza xustificado que o goberno central non tome en consideración a demanda de que as mulleres non sigamos pagando un abusivo 10% de IVE polos produtos de hixiene íntima?

-Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza para dar cumprimento aos acordos parlamentares? Cantas veces e con que contido se dirixiu ao goberno central no que vai de lexislatura a respecto desta cuestión? Transmitiu ou transmitirá o señor Feijoo ao señor Sánchez a importancia desta cuestión?

-Cando entregará o informe comprometido?

-Que ten feito o goberno galego para dar cumprimento á divulgación das alternativas ás compresas e tampóns e das súas vantaxes económicas e de respecto ao medio ambiente nas súas campañas informativas, especialmente as desenvolvidas ou destinadas a centros educativos e de xuventude?

CSX4 REGISTRO-Nº4en3bw6-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:09:25
Nº Rexistro: 42322
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

-Cantas e con que contido se desenvolveron? Que folla de ruta seguirá ao respecto?

-Ten previsto medidas para favorecer o acceso a este tipo de fórmulas? Cales?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 11:08:53

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 11:08:58

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 11:08:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 11:09:01

CSV: REXISTRO-NinAen3bw6-8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 11:09:25
Nº Rexistro: 42322
Data envío: 02/01/2019 11:09:25.520

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 11:09:02

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 11:09:04

CSV, REGISTRO: N/Aen5bw6-8
Verificar
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 22.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 45219(10/POC-007246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da subministración no exercicio de 2019 da información necesaria para facilitar o seguimento e análise da Conta de endebedamento da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, así como a evolución que presenta o endebedamento da Xunta de Galicia desde o ano 2009

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:27:18
Nº Rexistro: 45219
Data envío: 04/02/2019 11:27:18.982

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*.

No mes de xullo o Consello de Contas entregou informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-2GTDHRYTYT-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:27:18
Nº Rexistro: 45219
Data envío: 04/02/2019 11:27:18.982

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita nas fiscalizacións da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do ano 2015 e 2014:

“*Endebedamento*”

3.13. Dada a relevancia que o endebedamento autonómico ten alcanzado nestes últimos anos en termos de sustentabilidade futura das contas públicas, recoméndase á Administración autonómica realizar un esforzo na subministración dunha información o máis ampla posible na Memoria e na Conta de Endebedamento da Conta Xeral, de xeito que se facilitara o seu seguimento e análise”.

Tendo en conta que as recomendacións se refiren aos exercicios 2014, 2015 e 2016 e xa estamos en 2019, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego subministrar neste exercicio 2019 a información necesaria para facilitar o seguimento e análise da conta e endebedamento da conta xeral.

2ª) Cal foi a evolución do endebedamento da Xunta de Galicia desde 2009 ata a actualidade?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2019 10:41:34

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/02/2019 10:41:41

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/02/2019 10:41:52



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 22.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 45802(10/POC-007321)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación co
desemprego que padecen as persoas maiores de 55 anos, así
como as actuacións levadas a cabo e previstas para defender a
súa empregabilidade

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.ª**

O mercado laboral non mellora para os desempregados de maior idade. No ano 2008, en España contabilizábanse 220.300 persoas sen emprego de máis de 55 anos, que supoñían o 7% do total dos parados. A día de hoxe, a cifra ascende aos 497.400, o 15% do total. A situación é análoga en Galicia. En 2008, os desempregados maiores de 55 anos eran 11.100, o 8,7% do total da comunidade. Hoxe son 23.500, o 15,8%.

A situación é particularmente crúa para os maiores de 60 anos. 15.840 suman xa máis dun ano sen estar ocupados, segundo apuntan as cifras subministradas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Instituto Galego de Estatística. Así, constitúen por vez primeira o grupo máis nutrido de desempregados de longa duración na comunidade: o 21,1% de 75.076.

Que isto aconteza ao mesmo tempo que descende o paro xeral de longa duración –un 11,4%– é moi significativo, e fai pensar que existe un problema específico á hora de reinsertar no mercado laboral ás persoas maiores. O principal risco que isto entraña é que moita xente remate a súa vida con pensións miserentas.

Por que sucede isto? Son moitas as razóns, pero cómpre subliñar polo menos dúas.





- Por unha banda, a sociedade envellece cada vez máis, polo que é normal que as persoas maiores teñan máis peso sobre o total dos que buscan emprego.
- Por outro lado, as persoas maiores son obxecto dunha discriminación sistemática froito dos prexuízos que se teñen delas. Os datos son moi esclarecedores neste punto. Máis da metade dos currículos dos profesionais maiores de 55 anos son descartados de maneira automática polos recrutadores, xa que entenden que as súas competencias están desfasadas e terían problemas para encaixar cos traballadores mozos. Tanto é así que 7 de cada 10 responsables de recursos humanos admiten non ter seleccionado ningún traballador de máis de 55 anos durante o último ano.

Ante estes datos, o director xeral da Fundación Adecco, Francisco Mesonero, advertiu de que a actual situación “non só é un contrasentido demográfico, senón que supón unha diminución da competitividade para as empresas que, ao renunciar ao talento experto, se están cerrando a un público estratéxico, cada vez máis numeroso”. Alertou tamén do “grave perigo que a discriminación por idade supón para o noso Estado de Benestar; unha sociedade envellecida onde o relevo xeracional é deficitario, a contratación de maiores de 55 anos convértese nunha necesidade imperante. Están en xogo as nosas máis queridas conquistas sociais e o mensaxe non pode ser máis claro: as pensións non estarán garantidas sen natalidade nin emprego senior de calidade”. É por iso que entende que “o empoderamento dos seniors ten que ser un asunto de Estado: os poderes públicos deben actualizar as políticas activas de emprego para equiparar aos maiores de 55 anos cos máis mozos en materia de formación, de modo que a súa experiencia sexa un valor engadido”.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 09:58:46
Nº Rexistro: 45802
Data envío: 08/02/2019 09:58:46.286



A Xunta de Galicia ten que rematar coa precariedade que existe entre as persoas maiores de 55 anos e, para iso, ten que garantir a súa empregabilidade con formación continua de calidade.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3.^a

- Que avaliación fai o Goberno da Xunta de Galicia do desemprego que sofren as persoas maiores de 55 anos?
- Que responsabilidade ten o Goberno galego na súa situación de desemprego?
- Que fixo ata o de agora para defender a súa empregabilidade?
- Por que non funcionou?
- Que pensa facer no futuro ao respecto?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Manuel Lago Peñas
Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/02/2019 09:58:04

José Manuel Lago Peñas na data 08/02/2019 09:58:14

CSV REXISTRO-ppvzFBgf-6
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 22.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 47076(10/POC-007483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a caída da rede informática de Abanca o día 26 de febreiro de 2019 e as actuacións impulsadas polo Goberno galego para a protección das persoas consumidoras

Publicación da iniciativa, 442, 07.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 12:33:48
Nº Rexistro: 47076
Data envío: 28/02/2019 12:33:48.255

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á caída da rede de Abanca e as medidas que debe impulsar o goberno galego respecto da protección ás persoas consumidoras.

O pasado 26 de febreiro a mediodía a entidade Abanca, líder de implantación territorial e de clientela no noso país, comunicou nas súas redes sociais que estaba a sufrir problemas técnicos nos servizos a distancia. Isto é, en caixeiros automáticos e na banca electrónica, mais finalmente isto afectou tamén ao funcionamento das oficinas.

Esta crise xerou fortes incomodidades e impactos nas empresas e nas persoas consumidoras deste país. Por poñer un exemplo, a imposibilidade de transferir contías afectou ás persoas para facer pagamentos en tempo e forma. Abanca anunciou que serían devolvidas as contías gastadas pola clientela en materia de comisións doutras entidades, por exemplo ao retirar diñeiro dun caixeiro doutra rede. Porén, isto parece insuficiente. Ademais, é grave que aconteza unha incidencia tan estendida no tempo, o que indica eivas importantes





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 12:33:48
Nº Registro: 47076
Data envío: 28/02/2019 12:33:48.255

na infraestrutura de respaldo que debe ter unha entidade provedora de servizos bancarios e máis aínda desta envergadura.

Galiza ten competencias exclusivas en consumo e debe exercelas. Así mesmo, debe avaliar o impacto económico destes acontecementos.

Por isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que actuacións impulsou o goberno galego para a protección ás persoas consumidoras diante da crise xerada pola caída do sistema de Abanca?


-Ten reforzado o goberno galego os instrumentos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia dinte da crise xerada pola caída do sistema de Abanca? De que forma? Por que razóns?

-Ten avaliado a posibilidade de impulsar unha demanda colectiva?

-Ten estimado a Xunta de Galiza cal é o impacto económico nas pequenas e medianas empresas galegas desta caída?

-E nas persoas consumidoras?

-Cal é o resultado de dita estimación?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 12:33:48
Nº Rexistro: 47076
Data envío: 28/02/2019 12:33:48.255

-Dirixiuse o goberno galego á dirección de Abanca para coñecer as causas desta situación e as medidas de compensación que vai impulsar? Fíxolle algunha esixencia?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2019 12:30:45

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2019 12:30:52

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2019 12:30:53

CSV: E3h-e2eLVG1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 12:33:48
Nº Registro: 47076
Data envío: 28/02/2019 12:33:48.255

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2019 12:30:55

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2019 12:30:56

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2019 12:30:57

CSX: E0h: e2e: LVG1
Verificado
<https://secdt.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

